



MATERIAS OPTATIVAS 1º ESO

PROXECTO COMPETENCIAL

O currículo dirixese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta materia irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.

A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de profesorado de ensino educativo.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL (SECCIÓN BILINGÜE)

A materia de EPVA Bilingüe desenvolve os mesmos contidos curriculares contemplados para os grupos non bilingües. Abordaremos cuestións de percepción visual, cor, punto, liña, plano, composición, debuxo técnico...empregando de xeito progresivo o inglés como lingua de comunicación. A finalidade desta metodoloxía non é tanto ensinar a lingua estranxeira como ensinar a comunicarse nela coa máxima naturalidade posible, dende os catro aspectos fundamentais de calquera lingua: ENTENDER, FALAR, LER e ESCRIBIR. *(Cómpre aclarar que a docente da materia avalía ao alumnado en relación á súa adquisición de coñecementos propios de EPVA pero nunca de Inglés)*

A idoneidade de EPVA como materia a cursar en inglés vén dada polas seguintes razóns:

- Fundaméntase máis na praxe que na teoría, favorecendo espazos de conversa, intercambio de opinións, traballo cooperativo... onde o alumnado participa de xeito activo no emprego da lingua estranxeira.
- As explicacións refórzanse con imaxes, de xeito que as pequenas lagoas que puidesen xurdir na comprensión oral, desaparecen cos exemplos visuais vistos na aula.

Serán recursos didácticos específicos aqueles de compoñente lúdica (hangman, crosswords, webquests, flashcards) de xeito que sirvan de afiuzamento dos contidos tratados.